

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA (FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA), PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO SOCIO-EDUCATIVO COMUNITARIO E PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO MEDIO RURAL A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL RESIDENTES EN GALICIA NO EXERCICIO 2022**

Lugar e data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

**Doutra parte:**

Don Xosé Ramón Girón García, con DNI 33214346T, en calidade de presidente, actuando en nome e representación da Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), con NIF G15545353, en virtude da súa condición de representante dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigos 24 e 25 dos seus estatutos, como recolle a certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 12/05/2021.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

**EXPOÑEN**



I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, e persoas con dependencia, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica .

IV. Que Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2004/108-2, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con enfermidade mental de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0906.

Ten como obxectivos, entre outros:

- a) Representar e defender ao colectivo de persoas con trastornos mentais e aos seus familiares no ámbito autonómico galego.
- b) Manter ás persoas discapacitadas con trastornos mentais no seu entorno coa mellor calidade de vida posible.
- c) Mellorar a función terapéutica dos cuidadores non profesionais.
- d) Achegarse a aquelas persoas que por razóns derivadas das características do seu lugar de residencia, non poden acceder aos servizos de apoio comunitario.



e) Acadar o maior grao posible de autonomía para o desenvolvemento das actividades básicas, instrumentais e avanzadas da vida diaria que permita ás persoas afectadas de enfermidade mental acadar unha vida o máis autónoma e normalizada posible.

**V.** Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas cuidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil, como é o medio rural.

Este programa ten un carácter especializado con respecto á atención ao colectivo de persoas con enfermidade mental noutros servizos de Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), polo ámbito xeográfico no que se desenvolve, poboación con enfermidade mental residente en zonas rurais de Galicia, que teñen dificultades de acceso aos recursos, o que o diferencia das actividades financiadas pola subvención nominativa. As actividades programadas no convenio da subvención nominativa teñen como destinatarias a persoas con enfermidade mental residentes en núcleos urbanos. A través deste convenio hai un incremento das actividades para que as persoas con enfermidade mental residentes no rural poidan ter acceso ás mesmas.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas co desenvolvemento dun programa de apoio socioeducativo comunitario no medio rural dirixido ás persoas con enfermidade mental, orientado á promoción da autonomía persoal e á prevención da situación de dependencia a través da concesión directa dunha subvención.

**VI.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a única federación de iniciativa social de ámbito autonómico que desenvolve, no ámbito da



Comunidade Autónoma galega, programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias/e ou persoas cuidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención. A especialidade ven dada polas persoas destinatarias, persoas con enfermidade mental residentes nunha contorna rural.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no 124/2022, do 23 de xuño, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa apoio socio-educativo comunitario e prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia.

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través da concesión directa dunha subvención pública do programa específico orientado ao apoio socio-educativo comunitario e a prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia que Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) ten previsto desenvolver durante o ano 2022 a través das actuacións descritas na cláusula segunda.

A finalidade é xerar unha rede de proximidade no ámbito rural para persoas con enfermidade mental, as súas familias e achegados; de xeito que poidas ser atendidas as



ditas persoas con enfermidade mental, as súas familias e achegados na súa contorna máis próxima co obxectivo de fortalecer a súas capacidades e a prevención do illamento social e persoal, e artellar a dita rede de apoio sociocomunitario cos recursos, se os hai, nas zonas de intervención.

## **SEGUNDA. Actuacións subvencionables do programa**

1. Serán obxecto da concesión da subvención os gastos das actuacións do programa durante o período de vixencia e que a continuación se relacionan:

a) Atención de proximidade no ámbito rural que consiste en ofrecer un servizo de proximidade ás persoas con enfermidade mental, as súas familias ou achegados nas comarcas e lugares obxecto do proxecto ( na provincia da Coruña nas comarcas de Ordes, Sar e Santiago e o Barbanza, na provincia de Pontevedra nas Comarcas de Condado e Paradanta: na provincia de Lugo nos concellos rurais da provincia, A Mariña e montaña lucense; na provincia de Ourense nos concellos rurais da provincia ) a través das seguintes actividades:

1º. Entrevistas e intervencións con aquelas familias, achegados ou persoas con enfermidade que o demanden ou sexan derivadas preferentemente por profesionais do ámbito sociosanitario das diferentes zonas de intervención.

2º. Grupos de atención grupal e/o individual, segundo sexa necesario e posible dependendo do contexto e a situación actual.

3º. Traballo de mediación e seguimento permanente no ámbito da saúde e das necesidades sociais básicas.

4º. Actividades de información social e comunitaria cos concellos, institucións e entidades dos territorios de actuación.

b) Atención a través de unidades de acompañamento comunitario a persoas que por razón do seu lugar de residencia non poden acceder aos servizos de apoio socioeducativo e comunitario dunha forma normalizada e regular, coas seguintes actividades:

1º. Acompañamentos da vida diaria a persoas usuarias e ás súas familias.

2º. Mediacións entre familiar e usuario para a resolución de conflitos.

3º. Acompañamentos para coñecer e usar os recursos máis próximos na súa comunidade.



4º. Facilitar o uso de recursos tecnolóxicos.

c) Apoio socioeducativo, coordinación técnica do programa, seguimento, desprazamentos ás zonas e reforzo na difusión do programa. O obxectivo é mellorar da cohesión e presenza do movemento asociativo en zonas de sombra cunha cobertura de servizos precaria ou inexistente no ámbito rural galego.

2. No deseño e desenvolvemento do programa específico e das súas actividades a subvencionar a través presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

Estas actuacións terán lugar no ámbito rural, nas comarcas de Ordes, Sar, Santiago e Barbanza, nas comarca de Condado e Paradanta e no rural de Lugo e Ourense, contando co apoio das delegacións da Federación en Santiago, Vigo, Lugo e Ourense.

### TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento do programa específico e das súas actuacións que ten previsto desenvolver Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), é de 150.000 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **cento cincuenta mil euros (150.000,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

### CUARTA. Obrigas da entidade

1. Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto no presente convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa específico a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.
- i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.



2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

### **QUINTA. Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, no suposto de oposición expresa á comprobación pola Administración, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, se for o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

### **SÉTIMA. Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Efectuarase un pagamento de ata o 80% do total da subvención, incluído o anticipo, mediante un máximo de cinco entregas a conta, a medida que a entidade beneficiaria xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación da persoa responsable da entidade xunto coa documentación recollida no apartado b) do número 2 da cláusula oitava.
- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do programa e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución dun procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se for o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación**

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2022**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do programa, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada, e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución no marco do disposto no presente convenio.



Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola persoa con capacidade da entidade beneficiara. Este pagamento debe referirse a gasto de accións realizadas obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o pago das actuacións que correspondan ao proxecto a subvencionar, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2022, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste programa, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia).



4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€ deba ter solicitado Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia).

6.º Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa **auditora de contas** inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1.º Adecuación da natureza do gasto , tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do programa que se relacionan na cláusula segunda como en relación aos conceptos .

2.º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.



3.º Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo primeira en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

4.º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5.º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6.º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei. O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, TC's da Seguridade Social de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2022, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2023.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte de Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.



## **NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de reintegrar total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se for o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

## **DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral**

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos caecidos no desenvolvemento del.

## **DECIMO PRIMEIRA. Subcontratación**



Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 75 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas .

Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. Comisión de seguimento e control**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de FEAFES Galicia, designados por cada unha das persoas titulares que representan ás partes asinantes así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia**



O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no programa específico a subvencionar a través do convenio que realizase FEAFES Galicia dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

#### **DÉCIMO CUARTA. Transparencia e bo goberno**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DÉCIMO QUINTA. Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

#### **DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía



administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a acto fose expreso. Se non o fora, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto; ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E  
XUVENTUDE

O PRESIDENTE DE SAUDE MENTAL FEAFES  
GALICIA

Fabiola García Martínez

Xosé Ramón Girón García

